



005910 23.10.2009 13 02


No anexo I da convocatoria de matrícula do curso académico 2009/2010 establécese que o prazo de matrícula para iniciar estudos en titulacións sen límite de prazas e para continuar os estudos xa iniciados en cursos anteriores remata o 20 de outubro de 2009.

Debido a que hai alumnos que non se matricularon neste prazo, por diversas razóns, tal como estar pendentes de procesos de admisión, de adaptación de estudos por cambio de plan aos novos Graos ou outras circunstancias, considérase oportuno ampliar o prazo de matrícula con carácter xeral, sen necesidade de autorizar individualmente a cada solicitante.

Por este motivo, **ESTA REITORIA RESOLVE:**

**UNICO.-** Ampliar o prazo de matrícula para iniciar estudos en titulacións sen límite de prazas e para a continuación dos estudos xa iniciados nesta Universidade ata o 31 de outubro de 2009. No caso de alumnos procedentes doutras universidades, na resolución de admisión determinarase o prazo de matrícula.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2009



**O REITOR,**

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Senén Barro Ameneiro".

Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS, XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN